

## **Normativa de libre mobilidade da Universidade de Vigo**

A presente normativa, no ámbito do obxectivo xeral do desenvolvemento da internacionalización da Universidade de Vigo, ten como obxectivo concreto potenciar a mobilidade internacional do seu estudantado, apoiando nese proceso as iniciativas individuais dos/as estudantes, facilitando vías de mobilidade adicionais ás que emanan dos programas, acordos e convenios de mobilidade institucionais establecidos.

### **Artigo 1. Definición de estudante de libre mobilidade**

Considérase estudante de libre mobilidade aquel ou aquela que realice unha estadía académica temporal nunha institución de educación superior estranxeira para efectuaren estudos relacionados cunha titulación oficial da Universidade de Vigo, sen o requisito da concesión dunha praza de mobilidade ao abeiro dos programas, acordos ou convenios subscritos pola Universidade de Vigo.

### **Artigo 2. Condicións para acadar o estatus de estudante de libre mobilidade.**

Para solicitar o estatus de estudante de libre mobilidade deberánse cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar matriculado na Universidade de Vigo en estudos oficiais de grao, mestrado ou doutoramento no momento da solicitude e durante a realización da estadía.
- b. No caso de ser estudante de grao, ter polo menos 60 créditos ECTS superados.
- c. Dispor da aceptación oficial da institución de acollida para realizar os estudos que solicita. A comunicación ou carta de aceptación especificará en calquera caso o período e as condicións académicas da estadía.
- d. Contar coa conformidade da persoa responsable de relacións internacionais da titulación e/ou do centro de orixe.

### **Artigo 3. Dereitos do estudantado de libre mobilidade da Universidade de Vigo.**

O estudantado de libre mobilidade terá os dereitos seguintes:

- a. A formalizar antes da partida un contrato de estudos que recolla o programa de estudos previsto e o recoñecemento de créditos. Os procedementos, documentación e condicións da elaboración do contrato de estudos serán os correspondentes aos do estudantado que participa en programas de mobilidade ao abeiro dos convenios, acordos e programas de mobilidade vixentes na Universidade de Vigo.
- b. Ao pleno recoñecemento dos créditos dos estudos realizados como parte dos plans de estudos oficiais, nos termos previstos no contrato de estudos. Os procedementos, documentación e condicións do recoñecemento serán os correspondentes aos do estudantado que participa en programas

de mobilidade ao abeiro dos convenios, acordos e programas de mobilidade vixentes na Universidade de Vigo, así como o modo en que serán recollidos no seu expediente académico.

- c. A conservar as bolsas e axudas ao estudo que non sexan incompatibles coa libre mobilidade.

#### **Artigo 4.** Obrigas do estudiantado de libre mobilidade da Universidade de Vigo.

O estudiantado de libre mobilidade terá as obrigas seguintes:

- a. Formalizar correctamente e de xeito fidedigno, e de presentar no tempo e forma establecidos, a documentación esixida pola Universidade de Vigo.
- b. Matricularse na Universidade de Vigo nas materias, cursos e créditos que consten no contrato de estudos.
- c. Facer os pagamentos de taxas e prezos públicos correspondentes á matrícula recollida no punto anterior, nos prazos que correspondan.
- d. Comunicar calquera cambio que se produza na situación do estudante derivado da súa relación coa institución de destino.
- e. Subscribir, de ser o caso, por requirimento da institución de destino, un seguro de accidentes, de saúde, ou de responsabilidade civil que cubra o período da estadía.
- f. Realizar os trámites correspondentes, antes e durante a estadía, para garantir que a situación xurídica do/a estudante no país de destino cumpre todas as esixencias da lexislación vixente en dito país.
- g. Incorporarse á institución de destino na data establecida, e de comunicarlle dita incorporación á Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo, facéndolle chegar no prazo de dez días a contar dende a data de incorporación o certificado de chegada correspondente.
- h. Comunicar á persoa responsable de relacións internacionais da titulación e/ou centro na Universidade de Vigo, á Oficina de Relacións Internacionais e á/ó coordinador/a correspondente no caso de estudantes de mestrado e doutoramento, o seu enderezo, correo electrónico e teléfono de contacto no país de destino.
- i. Cumprir integramente as normas académicas e de comportamento da institución de destino.
- k. Aproveitar na medida das súas posibilidades o programa de estudos, incluíndo a súa participación en todos os procesos de avaliación previstos para os cursos, materias e créditos recollidos no contrato de estudos.
- l. Facer chegar á persoa responsable de relacións internacionais da titulación e/ou centro na Universidade de Vigo, ou á/ó coordinador/a correspondente no caso de estudantes de mestrado e doutoramento, as certificacións académicas correspondentes á súa estadía na universidade de destino.
- m. Cumprimentar e entregar os informes de fin de estadía que requira a Oficina de Relacións Internacionais.

O incumprimento de calquera destas obrigas por causas non xustificadas poderá supor a perda do dereito ao recoñecemento académico, así como a exclusión en futuros procesos de selección en calquera programa de mobilidade internacional no que participe a Universidade de Vigo ou promovido por esta. As medidas serán acordadas polo Reitor a proposta da Vicerreitoría con competencias en Relacións Internacionais, trala incoación do correspondente expediente contradictorio.

**Artigo 5.** Solicitude e resolución para os estudantes de libre mobilidade.

5.1. Os/as estudantes da Universidade de Vigo que desexen realizar unha estadía temporal nunha universidade ou institución doutro país como estudantes de libre mobilidade deberán presentar no Rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera forma das previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, unha solicitude dirixida á Vicerreitoría competente en Relacións Internacionais, acompañada da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2 da presente normativa.

5.2. A Vicerreitoría competente en Relacións Internacionais ditará resolución no prazo máximo dun mes, que contará desde a presentación da solicitude, con indicación expresa dos recursos que as persoas interesadas poderán interpor contra esta, así como o prazo de impugnación.

**Disposición transitoria única.** Aplicación aos estudos de diplomatura, licenciatura e enxeñaría en proceso de extinción.

O estudantado que desexe obter o estatus de estudante de libre mobilidade e que estea a cursar estudos de diplomatura, enxeñaría técnica, licenciatura ou enxeñaría, deberán cumprir os seguintes requisitos ademais dos establecidos nos puntos c e d do artigo 2 da presente normativa:

- a. Estar matriculado/a en estudos de diplomatura, enxeñaría técnica, licenciatura ou enxeñaría conducentes á obtención dun título oficial outorgado pola Universidade de Vigo no momento da solicitude e no momento da realización da estadía.
- b. Estar matriculado/a nun curso superior a primeiro no momento de iniciar a estadía.